

DE CONVERSA

Manolo Piñeiro fálanos del e da súa época

*Isidoro González
Jaime Iglesias*

A pesar dalgunhas dificultades de mobilidade, Manolo Piñeiro presenta moi bo aspecto e, sobre todo, mostra unha gran lucidez acompañada dun sorriso amable. Sentamos no salón da súa casa e, despois dos saúdos e presentacións correspondentes, comezou dicíndonos que non ten gran cousa que nos contar. Pero no decorrer da conversa puidemos comprobar que tal afirmación non era de todo certa, pois nos seus recordos e nas súas reflexións está un reflexo vivo dunha época non moi afastada.

Manuel Piñeiro Tobío naceu o 23 de xaneiro de 1923 e ten a fachenda de pertencer a unha longa familia da Santiña, pois seu pai, que casara en dúas ocasións, tivo un total de dez fillos, algúns deles moi coñecidos coma o propio Manolo, Paco, Pechecho ou Julio.

Cando lle preguntamos pola súa infancia, dinos que de pequeno non lle gustaba ir á escola á que faltaba con frecuencia por ter que ir coas vacas ou facer outros traballos na casa. Foi alumno de varias escolas de Lérez, lembrando que na da Gándara, a mestra castigábo encerrado no propio local, do que el axiña saía saltando sen medo pola ventá.

Tamén fun á escola do Pasarón cun mestre chamado D. Ignacio, de ideoloxía republicana, que cando vía un libro de relixión axiña o pechaba e colocaba nun sitio ben apartado, non fora a ser o demo que lle trouxese unha mala fada.

Pero onde verdadeiramente aprendín foi na escola de noite. Ó chegar ós 16 ou 18 anos vin a necesidade de saber ler e escribir ben e de aprender os números e as contas. Así que cando me apuntei na escola de praza que daquela se chama "del Muelle", tratei de aproveitar o tempo. Máis tarde, tamén fun á Escola Obreira de Santa Clara.



Mentres ía a escola de noite, Manolo traballaba de día no obradoiro que Eduardo Dios tiña en Pontevedra, no que se fabricaban variados tipos de utensilios (pratos, cazos, tarteiras...) principalmente destinados ó exército.

Empecei a traballar ó mesmo tempo co compañeiro Perfecto García Ruibal. Axiña collemos o oficio, de tal xeito que rematamos facendo máis pezas ó día cos mesmos obreiros que nos ensinaran, polo que nos dicían "cría cuervos y te comerán los ojos".

Non pasou moito tempo cando deixou esta ocupación e foi para a de Juan Ramírez a aprender o oficio de carpinteiro o mesmo ca seu pai.

Con Ramírez traballei ata que marchei para servizo militar e, ó volver, Perfecto e máis eu fomos traballar con José Piñeiro Ruibal, coñecido por "Pepe o Ruibal". Máis tarde, montei unha carpintería no Burgo e posteriormente – alá polo ano 1965- puxen a fábrica de bloques onde antes fora un serradoiro. Ademais do bloques tiven a exclusiva dunha prestixiosa marca de viguetas.

Manolo coméntanos que as diversións daquela eran escasas. De neno xogaba á buxaina, ás bolas, ó fútbol cunha pelota de trapo, ó lipe..., pero, sen dúbida, unha das maiores diversións era ir á froita dos veciños.

Un día fun á das Tobías cun grupo de maiores. Eles subiron ás laranxeiras e os pequenos quedamos a vixiar. A min encargáronme ter conta dunha escopeta, pois se coñece que viñan de cazar. Nisto aparece unha das donas e meu irmán dixo "fuego" e eu sen me cortar disparei -ó aire, claro- e conseguimos escapar. Se fose hoxe podería haber un gran problema polo disparo.

Noutra ocasión fomos á do Pinchela que tiña cereixas grandes e boas ameixas. Cando estabamos na faena, apareceu el e ameazounos cunha pistola. A min, ademais, medíume os zapatos para comprobar se coincidían coas pisadas. Pasamos tanto medo que non volvemos por alí en moito tempo.

Para mocear, Manolo ía ás festas de Lérez e outras da contorna, así como ós bailes como o de Virote na Ferreira ou o de Cochón en Campañó. Aínda que bailar non era o seu forte, pasábao ben porque os mozos e as mozas, para iren a festas e bailes, desprazábanse en grupos onde xa había diversión. Xogou ó fútbol no Lérez de extremo esquerdo, pois, aínda que era destro, tiña habilidade coa esquerda para darlle ó balón, para xogar á chave e para tirar a buxina, aínda que esta tamén a podía tirar coa dereita. Gustáballe moito o cine que vía nas pantallas de salas como Exploradores, Principal, Malvar ou Victoria, todas elas desaparecidas hoxe a non ser o Principal que se dedica maioritariamente a outras actividades culturais.

Pero a maior das afeccións de Manolo foi a caza. Aprendeu esta arte con Sebastián Dios, do que garda un grato recordo. Ten cazado co seu irmán Juanito e con moitos amigos dos que lembra especialmente a Bernardo e Sabino Costado (pai) e Perfecto, pero do que máis orgulloso sente é de figurar fotografado no libro "Galicia viva" de José Curt, ó lado de destacados cazadores como Juan Perdido, o seu irmán Julio, Reinaldo e José Benito o Torneiro. Cazaba principalmente coellos e lebres -tamén perdices, pero menos- Atinaba tan ben que, cando se levantaba a veda, na casa cansaban de comer coello que Aurita, a muller, preparaba de diversas formas.

Cando ía saír de caza, mobilizaba toda a familia para cargar os cartuchos, pois saían máis baratos ca




mercalos xa cargados. Aínda conservo o aparello de encascar e desencascar, outro para prensar a pólvora, as medidas da pólvora e dos perdigóns e mais o funil para cargalos.

Os lugares de caza que máis frecuentaba eran principalmente o Vao e o Castrove, aínda que tamén ten chegado ata Valga. Manolo lembra como daquela se promovía desde os organismos oficiais o envelenamento de raposos que, despois de mortos, enterraban botándolle previamente un capa de cal viva. E comenta que tal proceder é hoxe impensable e mesmo está perseguido.

Promover e organizar a caza foi para el unha ilusión que lle ocupou moito tempo, pero tamén lle deu moitas satisfaccións. Sendo presidente da "Sociedade de Caza y Pesca de Pontevedra" José Malvar, o da empresa construtora, Manolo foi elixido vicepresidente, recaendo sobre el a responsabilidade da sección de caza. Durante o seu mandato logrou que se construíse o refuxio do monte Castrove que, malia o traballo que lle deu, el sempre o considerou coma a súa *segunda casa*. Como agradecemento a este labor e a outros que realizou en defensa da caza e dos cazadores, en 1980 (?) foille outorgada a insignia de ouro da Sociedade que nos amosa con fachenda no ollal da lapela da chaqueta.

Manolo naceu en tempos de Primo de Rivera, foi neno na República e viviu de cheo a da ditadura de Franco, pero non dubida en afirmar que, a pesar dos



problemas que existen, a actual etapa democrática é a mellor. E cando lle preguntamos por que, responde cunha exclamación:

-Vós non coñecestes os tempos pasados...!

Era moi novo cando o xeneral Franco deu o golpe de estado (1936) ó que lle seguiu unha longa guerra, pero, así e todo, lembra Manolo cando viñeron os de Lalín, armados co que podían, para liberar Pontevedra, obxectivo que non conseguiron, pois non puideron facer nada diante da forza militar dos golpistas. Non oculta que palpou o medo, ou talvez o pánico, con que vivía a xente debido á represión que o novo réxime franquista levaba a cabo por medio de cívicos, algúns deles da propia parroquia de Lérez.

Un día de inverno fomos traballar a unha finca que tiñamos na Ponte das Cabras e quedounos alí unha ferramenta esquecida. Á mañá seguinte meu pai mandoume ir buscala e cando camiñaba cara a alá, atopei un grupo de xente que comentaba que había dous fusilados tirados a un lado do camiño. Non cheguei a velos. Fun á finca, collín a ferramenta e, cheo de medo, volví a correr para a casa para contarlle todo a meu pai.

Segundo Manolo, outro elemento represivo do réxime que tiña aterrorizada a xente era a Garda Civil, pois o mesmo castigaba por unha cousa que pola contraria, polo que a súa soa presenza, sempre producía o terror entre os veciños.

Un día, indo para a casa, atopei unha parella de gardas civís e saudeína, entón un deles, ó tempo que me dicía que camiñase caladiño, arreoume unha labazada tan forte que me deixou mal. Así que cando noutra ocasión me crucei con outra parella pasei sen dicir nada, pero foi inútil, paráronme e batéronme por non saudar.

Manolo Piñeiro, por riba de divisións relixiosas ou administrativas, sempre se sentiu un lerezán activo. Coñece as xentes de Lérez e as súas historias. Procurou informarse dalgúns feitos acaecidos sendo neno: da Sociedade de Agricultores de Lérez, da Caixa Rural, de Juventud Lerezana... Desta sociedade garda coma ouro en pano un recibo no que figura que o seu cuñado Marcelino Reboreda entregara vintecinco pesetas para

contribuír á compra do solar e construción do edificio da Sociedade. Formou parte da comisión de festas do patrón en varias ocasións e colaborou na realización de melloras no cemiterio parroquial (traída de augas, lousado das rúas, melloras na iluminación, arranxo da sala de autopsias, asfaltado de accesos, etc.) , pero, se cadra, a máis intensa implicación de Manolo na nosa parroquia foi a participación nas xestións para organizar no vello edificio de Juventud Lerezana un centro cultural.

Unha vez que deixaron de existir as "escuelas da hermandá", o edificio da sociedade da Juventud ía camiño de se converter nunha ruína. Daquela, alá polo ano 1974, un grupo de veciños dos que recordo a Manolo Calvo e Odriozola acordamos botar man do edificio e crear un "teleclub". Contamos coa colaboración do concelleiro do distrito de Lérez, Argimiro Rivas Castiñeiras, que aínda que lle faltaba un ollo vía coma se tivese tres, para facer as xestións na Hermandad Sindical de Labradores que se resistía a cedernos o local do que "legalmente" era propietaria. Só conseguimos que nos prestase unha parte, aínda que despois utilizamos todo.

Manolo cóntanos de vagar as obras iniciais que conseguiron facer para restaurar o local: tirar tabiques, colocar un falso teito e cerrar a terraza para dedicala a bar. Ademais pavimentouse o salón para o que contaron coa inestimable axuda de Juan Ramírez que facilitou unha cisterna de formigón, as lousas e unha brigada de obreiros.

Despois fôiselle dando vida ó local: creouse un grupo de gaitas e outro de baile, había libros para ler e xogos de mesa (damas, cartas, etc.) para quen o desexase e, para a administración, contamos cunha máquina de escribir que nos regalou José Malvar.

Podíamos continuar con Manolo Piñeiro máis tempo e el daríanos conversa dabondo, pero todo ten que ter a súa fin.



NOTA:

Manuel Piñeiro Tobío finou o 24 de outubro de 2010, cando este artigo xa estaba redactado. E.P.D.